

EN MEMORIA DE JOHAN CARBALLEIRA, ÚLTIMO ALCALDE REPUBLICANO DE BUEU

“Lolita, Lalucha: Conserva esta foto donde escribo cuando falta hora y 1/4 para morir, a las 6 menos 1/4. Morimos a las siete, cuando te despiertes y pienses en mí, seguramente”

Estas, que se mantiveron en segredo ata hai moi pouco tempo, foron as últimas e dramáticas palabras escritas por José Gómez de la Cueva, coñecido como Johan Carballeira, pseudónimo co que asinaba a súa obra poética e moitos dos seus artigos xornalísticos. Escribiunas, momentos antes de ser fusilado polos franquistas, no dorso dunha fotografía da súa noiva, Dolores Álvarez González, que conservou ata o último momento.

Carballeira foi o último alcalde republicano da vila de Bueu (Pontevedra). Militante do Partido Galeguista, foi acusado de rebelión militar contra os nacionais e fusilado o 17 de abril de 1937. Quen o coñeceron apreciaban a súa figura e definíanlo como defensor da xustiza social e loitador antifascista. Segundo testemuños, Carballeira era “un home de ollos verdes, pelo negro, delgado, intelixente e traballador”.

No pouco tempo que foi alcalde de Bueu desenvolveu unha intensa actividade dirixida non só a solucionar os problemas do municipio senón tamén os dos traballadores do mar, propoñendo medidas que el mesmo discutía cos armadores e os empresarios conserveiros.

ENTRE O XORNALISMO E A POLÍTICA

José Gómez de la Cueva naceu en Vigo, na rúa do Areal, o 13 de febreiro de 1902. O seu pai, José Juan Gómez del Campo, asumira persoalmente a defensa dun preito para manter baixo a súa propiedade unhas terras e unha casa no lugar da Ramorta no municipio de Bueu, herdadas pola súa esposa Rolendis de la Cueva García, descendente directa

de don Beltrán de la Cueva, pai de Xoana a Beltranexa segundo testemuño do escritor Gonzalo Torrente Ballester¹, amigo de Carballeira. A familia trasladouse a Bueu en 1915 a esa casa, que aínda conserva o seu escudo heráldico.

O mozo José Gómez de la Cueva foi un autodidacta que só puido estudar o bacharelato no colexio dos Maristas en Vigo e en Santiago e que completou con estudos de Contabilidade mercantil en Madrid coa finalidade de facerse cargo do negocio familiar do seu pai, representante dunhas bodegas de viños de Xerez da Fronteira. As dificultades económicas obrigárono a empregarse en traballos diversos para axudar a economía familiar, pero escribiu sempre, seguindo unha vocación indomable. Publicou os seus primeiros versos, influídos de modernismo, no *Faro de Vigo* en 1922². En 1927 iniciou as súas colaboracións no diario *El Pueblo Gallego* de Vigo, o xornal liberal-progresista propiedade do político Manuel Portela Valladares, do que sería un dos redactores máis fecundos e onde coñeceu a escritores como Rafael Dieste e Evaristo Correa Calderón, ao músico Jesús Bal y Gay e ao pintor Cándido Fernández Mazas. Ao longo da súa traxectoria profesional publicou tamén artigos en *Faro de Vigo*, *La Voz de Aragón*, *La Voz de Galicia*, os diarios madrileños *Ahora*, *Luz* e *El Sol* e nas revistas *Estampa*, *Gaceta de Galicia* (da que foi fundador) e *Ser. Semanario Gallego de Izquierdas*. Considerado por algúns como o xornalista galego máis importante daqueles anos, a Axencia EDIM distribuía os seus traballos a diversos medios de toda España.

Desde os seus primeiros artigos de opinión Carballeira mantivo unha actitude política de orientación democráti-

1 Non se puido confirmar este dato. Posiblemente fora este un comentario que o propio Carballeira lle fixera a Torrente Ballester nalguna ocasión, como supuesta orixe comentada pola familia do xornalista

2 Os seus primeiros poemas, tamén publicados en *Faro de Vigo*, foron “Otoñal” e “Día de difuntos”

ca e nacionalista que lle valeu a estima de figuras como Castelao, Valentín Paz Andrade, Alexandre Bóveda e Álvaro Gil. Non chegou a ver editados en vida os seus poemarios “Con la frente en la noche” e “Cartafol de poesía”³ nin a súa prosa recollida en “Desfile de figuras y cosas de Galicia”, cuxa publicación inminente se anunciaba desde as páxinas de *El Pueblo Gallego* antes da súa morte. As súas poesías, publicadas tamén neste xornal e en revistas como *Nos*, *Galaxia*, *Erte* e *Resol*, teñen un profundo sentimento lírico, apreciado por un xove Celso Emilio Ferreiro que recomendou a súa inclusión na antoloxía de poetas galegos que preparaba Filgueira Valverde. Os seus artigos, escritos con rigor e seriedade, abarcan unha ampla temática, case sempre relacionada cos problemas de Galicia. Unha gran parte destes artigos, así como reportaxes, crónicas e entrevistas (un xénero pouco frecuente entón na prensa galega), escribiunos en castelán, aínda que publicou moitos tamén en galego, idioma do que defendía o criterio etimolóxico na ortografía (de aí a súa sinatura como Johan no canto de Xoan). Carballeira era máis escritor e xornalista que político. A súa obra é dunha profundidade e dunha calidade asombrosa, tendo en conta a súa falta de formación académica. Chegou tamén a escribir uns relatos vangardistas moi orixinais e unha novela curta por entregas, “Corazón que triunfa”.

UNHA VIDA EXEMPLAR

No Bueu dos primeiros anos trinta vivíase un ambiente de animada efervescencia política e cultural. Neses anos Carballeira fixo amizade con ilustres residentes na vila, como o pintor Federico Ribas e o escritor Gonzalo Torrente Ballester, quen nunha ocasión me contou que Carballeira

3 “Cartafol de poesía” publicouse en 1996 nun número especial da revista *O Candil*, editada polo Colexio Público de Bueu

oficiou como testemuña da súa voda coa bueuense Josefina Malvido, primeira esposa do escritor ferrolán e nai do tamén escritor Gonzalo Torrente Malvido. Carballeira inspirou a Torrente para o seu personaxe Juan Aldán de “Los gozos y las sombras”.

Segundo me fixo saber personalmente Álvaro Gil pouco antes de morrer, Carballeira entrou na militancia do Partido Galeguista ao mesmo tempo que o fixeron el mesmo e Alexandre Bóveda. En 1934 foi elixido secretario do grupo local do Partido Galeguista en Bueu e ao ano seguinte pasou a formar parte da dirección do partido. En febreiro de 1936, trala vitoria da Fronte Popular, foi elixido alcalde de Bueu por esta formación política. Este cargo foi a escusa que serviu aos franquistas para detelo cando estalou a guerra civil. O arresto baseouse na falsa acusación de que Carballeira entregara a dinamita destinada ás canteiras almacenada no Concello a un grupo de persoas que pretendían voar a pequena ponte de Baireses⁴, un episodio que se produciu cando Carballeira non era xa alcalde, pois fora obrigado a deixar o cargo por un grupo de militares do Polígono Janer. Carballeira non quixo fuxir nin agocharse cando soubo que o buscaban, malia os ofrecementos de moitos mariñeiros que se poñían á súa disposición para trasladalo en barco a Portugal. Consciente da súa inocencia e confiado nunha xustiza que resultou ser inexistente, rexeitou tamén a oferta de Federico Ribas de refuxiarse con el no país veciño, así como de esconderse na casa dun crego de O Grove amigo da familia. O 15 de setembro foi detido en Cangas cando se dirixía co seu irmán menor a tomar o vapor que fai a travesía a Vigo para entregar un artigo para o xornal. Foi conducido ao calabozo da casa consistorial de Bueu e de aí a un cárcere improvisado polos

⁴ Ubicada na estrada Bueu-Pontevedra, pertence á parroquia de Ardán (concello de Marín)

franquistas na Escola de Maxisterio de Pontevedra. Parece ser que a súa nai, Rolendis de la Cueva, viaxou a Burgos e chegou a entrevistarse con Franco para que intercedera polo seu fillo. Xulgado en consello de guerra o 29 de decembro de 1936, foi acusado de rebelión militar precisamente por quen se rebelaran contra a República. Entre as “xoias” daquel xuízo sumarísimo figura tamén a acusación de querer “implantar la dictadura del proletariado al servicio de Rusia” con “agravante de perversidad”. Condenado a morte xunto a outras 18 persoas que compareceron ante o tribunal, non se lle conmutou a pena, como á maioría, polo que hai razóns para sospeitar que neste caso pesaron máis a súa obra xornalística e os seus artigos que a súa actividade como alcalde. Foi trasladado á prisión de Pontevedra e posteriormente confinado con outros presos políticos no lazareto da illa de San Simón, onde permaneceu ata o 17 de abril de 1937, o día en que o fusilaron. Álvaro Gil, que o acompañou durante os meses que permaneceu alí, contoume que en todo momento mantivo Carballeira unha moral inquebrantable e un ánimo que transmitía aos seus compañeiros de cárcere mesmo cando o foron a buscar para executalo. Foi nese momento cando alguén lle dixo: “Tes que levar a esperanza de que che conmutarán a pena de morte”, ao que contestou: “O que teño que levar é valor para morrer”.

O certificado oficial de defunción de Johan Carballeira, asinado polo xuíz municipal Francisco Riestra Calderón, recolle como causas do falecemento “hemorragia interna y colapso cardíaco”⁵.

5 Era habitual este tipo de referencias nos fusilamentos e asasinatos levados a cabo polos franquistas. Recordemos que no parte oficial da morte de García Lorca figura como causa do falecemento “heridas producidas por hechos de guerra”.

O ÚLTIMO POEMA

Xunto coa nota coa que comezabamos este artigo Johan Carballeira escribiu da súa propia man (seguramente de memoria, pois hai algunhas variacións sobre o orixinal), “Mi retrato”, un soneto de Ernestina de Champourcin, que fixo chegar á súa noiva cunha dedicatoria: “Para Lalucha, en el cielo ardiente de nuestro cariño”.